

Notas do Arquivo de Betanzos

ALFREDO ERIAS MARTINEZ*

Desde o ano 1981 máis de 50 traballos de investigación publicados utilizaron en maior ou menor medida os servicios do Arquivo Municipal de Betanzos, aínda a pesares de non ter un edificio axeitado, nin estar totalmente organizado. Os camións de papeis, absolutamente revoltos e sucios, que no seu día se centralizaron no último piso do edificio da cárcere, non se poden limpar nin organizar da noite para a mañán, pero nesa liña se avanza. Pasarán irremediablemente algúns anos (espero que haxa medios para que sexan poucos) antes de que esa primeira e trascendental laboura remate: a do illamento, ordenación e ubicación das moitas series documentais que o Arquivo ten.

Mentres isto ocorre, a experiencia que imos collendo compartímos-la cos demais arqueiros de Galicia e de España. E así pódense sinalar os seguintes traballos e acontecementos nos que tivemos presencia:

ERIAS MARTINEZ, Alfredo, e VAZQUEZ GOMEZ, José. "Fundamentos para unha rede de arquivos municipais de Galicia, desde as experiencias dos arquivos de Betanzos e A Coruña". Actas do IV Congreso Nacional de A.N.A.B.A.D., A Coruña, ...

Participación de quen suscribe na reunión de arqueiros municipais de toda España en San Sebastián de los Reyes, Madrid, o 7-X-1988.

ERIAS MARTINEZ, Alfredo. "Bases para la construcción de un cuadro de clasificación de fondos de un archivo municipal". Traballo en prensa presentado nas "IV Jornadas de Archivos Municipales" que baixo o título de "La Clasificación de Fondos" se celebrou en San Sebastián de los Reyes o 15-16 de decembro de 1988. Publicase en galego neste Anuario.

ERIAS MARTINEZ, Alfredo, e VEIGA FERREIRA, José M^a. "La Junta Municipal de Asociados". Traballo en prensa presentado así mesmo nas anteditas "IV Jornadas ..." de San Sebastián de los Reyes. Publicase, do mesmo xeito, en galego neste Anuario.

Ademais, realizouse a "II Mostra Documental de Betanzos" na Sala de mostras do Banco de Bilbao da cidade. A súa inauguración tivo lugar o 18 de maio de 1988 nun acto presidido polo Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez e onde a presentación correu a cargo de Don José Vázquez Gómez, membro do Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos e xefe do servicio de Documentación de "La Voz de Galicia". Destacou, entre outras cousas, a importancia de facer coincidir esta mostra co "Día das Letras Galegas" que este ano se dedicou a Don Ramón Otero Pedrayo, quen tivo unha presencia significativa en Betanzos. Clausurábase o 28 dese mes, despois de que numerosas persoas tiveran a oportunidade de ver un bon número de documentos textuais e gráficos que están en proceso de salvamento e organización no Arquivo Municipal.

Pero de tódolos acontecementos que poideron darse no ano 1988 arredor do noso Arquivo, ser

*Alfredo Erias Martínez é funcionario do Concello de Betanzos e como tal director do Arquivo, Biblioteca, Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.


dúbida o que máis relevo e significación ten foi a presentación na Cátedra de Historia da Medicina da Universidade de Santiago, da primeira tese de licenciatura feita íntegramente con documentación do Arquivo de Betanzos, concretamente utilizando o Arquivo do Hospital de San Antonio. O autor é o médico betanceiro, Don Carlos Manuel Fernández Fernández, que traballou baixo a dirección do Profesor de Anatomía e Historia da Medicina, Don José Carro Otero. O título da tese é: *Apuntes para la Historia del Hospital de San Antonio de Padua de la Ciudad de Betanzos, 1674-1896*.

A tese estructúrase en 11 capítulos. Despois dunha introducción na que se lembran outras obras benéfico-asistenciais que existiron en Betanzos, entrase de cheo no análise do que foi o Hospital de San Antonio entre 1674 e 1896 en tódolos seus aspectos: fundación, constitucións, organización inicial, patronato, economía, etc. Merece especial mención o capítulo 5, que aparece baixo o título de "Organigrama funcional" e no que se nos fala do persoal que exerceu o seu oficio nesta institución: administrador, maiordomo e capelán, médico (cargo que se atopa xa no s. XVII e que implicaba a imposibilidade de exerce-la profesión fóra do hospital, sendo así un precedente das actuais incompatibilidades), boticario (cargo que parece que nunca foi ocupado por persoal fixo dentro da institución, facendo este oficio os da cidade, dos que aparecen algúns nomes), ... Complétase este capítulo cunha relación onomástico-cronolóxica de todo o persoal que realizou funcións no hospital.

Nos seguintes capítulos estúdiase a asistencia sanitaria que recibe a poboación de Betanzos, podéndose efectuar unha valoración da calidade a partir das gráficas e cadros que se ofrecen. Particular atención merécena as epidemias de peste dos anos 1747 e 1768-69-70 sobre a poboación de Betanzos.



EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS
ARQUIVO MUNICIPAL



Proyecto de Matadero (fachada principal) para o barrio da Ribeira, realizado polo arquitecto
D. Juan A. de Mendoza, 1901.



Finalmente, incorpóranse nun apéndice tres traballos realizados previamente sobre outros tantos aspectos do Hospital:

FERNANDEZ FERNANDEZ, Carlos. "Apuntes médicos sobre el origen y primeros años del Hospital de San Antonio". En Anuario Brigantino 1985, nº 8.

CARRO OTERO, José, e FERNANDEZ FERNANDEZ, Carlos. 1739: "Un caso de cesárea *post mortem* en el Hospital de San Antonio de Padua (Betanzos)". En Anuario Brigantino 1986, nº 9.

CARRO OTERO, José, FERNANDEZ FERNANDEZ, Carlos e GARCIA CORTES, Rosalía. "Un caso de *Hidrofobia* en el Hospital de San Antonio de Padua (Betanzos) en 1796". En Medicina Gallega, v. XLI, nº 40, 1988.

A tese de licenciatura foi considerada de sumo interés por parte dos membros do Tribunal Examinador. As súas preguntas centráronse no capítulo dos profesionais que exercían a súa actividade no hospital e que precisamente se publica no presente Anuario. A calificación global foi de Sobresaínte, polo que desde aquí felicitamos ó seu autor e más ó director. E de esperar que o futuro nos depare máis traballos desta categoría, realizados no Arquivo de Betanzos.



Fachada traseira e dianteira do proxecto asinado por don Germán Etcheverría relativo á reedificación da casa nº 38 do Canton Grande (oficialmente "Plaza de Cassola") no solar propiedade de don Marcelino Etcheverría Vila que da tamén á rúa Nova. Ano 1893.

friend } & Comisfors & bryf Orgazemelh dene
Gembale in antreelh Gbod

left Gpi
before Sanzio
✓ by sheer

~~John~~ ~~John~~ ~~John~~
John
John
John

roste regim⁹ vñ oñi q̄d el p̄o se h̄bido
valm̄ co sc̄lebe d̄ix bñne de bñdo
con sonm̄ xepingompiñ q̄nq̄lentigne
co sc̄lebe alib⁹ - remm̄nt bñs enq̄
q̄nq̄lentigne q̄nq̄lentigne
de bñdo q̄nq̄lentigne q̄nq̄lentigne

Don Adolfo Sánchez Díaz, Alcalde Presidente del Excmo. Ayuntamiento de esta Ciudad,

HAGO SABER: Que en consonancia con lo que se halla dispuesto en el artículo 7.^º de las vigentes Ordenanzas municipales, se designa como lugar en donde pueden bañarse las personas que lo deseen, mayores de doce años, en la presente época estival, cualquiera de los márgenes de la ría mar, después del canal del Puente Nuevo, a inmediaciones del ferrocarril de Betanzos a Ferrol, siendo obligación realizarlo provistos con traje de baño completo y en diferentes lugares cada uno de los distintos sexos.

Los niños y niñas menores de doce años, podrán realizarlo en otros parajes, retirados, a la vista y cuidado de otra persona mayor interesada y responsable y también con traje de baño.

De conformidad con lo que se había dispuesto por las Leyes, se prohíbe que sean perseguidos los pájaros, empleando liga, tirabales ó cualquier otro engaño o procedimiento, así como deshacerles sus nidos, ó de otra manera alguna atacarles o maltratarlos.

La infracción de las precedentes disposiciones será castigada con la correspondiente multa, si las personas encartadas no dieren lugar con sus procedimientos a mayores responsabilidades, que desde luego serán exigidas.

La guardia municipal y demás agentes de mi autoridad, serán los principalmente encargados de velar por el cumplimiento de lo aquí dispuesto, dándome cuenta, para la sanción correspondiente, bajo su responsabilidad.

Lo que se hace público para conocimiento y fiel observancia

Betanzos a _____ de _____ de 19_____

*Bando de don Adolfo Sánchez Díaz que foi Alcalde-Presidente de Betanzos nas etapas: 1922-23 e 1930-31.
Probablemente se deba a primeira etapa.*